

Homenaxe a Fernando García Acuña*

XOSÉ ANTÓN MIGUEZ

Véxome hoxe aquí, diante de vostedes, un pouco sorprendido. E iso por dúas razóns moi sinxelas, porque eu xa son un velliño, un profesor xubilado, un home case, ou sen case, da chamada terceira idade, esa terceira idade á que comparéi nun poema recente e inédito en castelán con aqueles vagóns de terceira clase que facían de comedor e dormitorio nos tempos non tan lonxanos da guerra e da posguerra. Diréivos o final do poema para que comprendades mellor a miña sorpresa:

*Ciudadano de tercera clase,
aún en espera, ¿quién me lo diría?
de que tengáis a bien establecer por ley
la cuarta o la quinta clase.
Hombre de la tercera edad,
se me repetirá con insistencia:
sí, pero no os preocupéis demasiado
si os fallan en mi caso las rigurosas estadísticas,
porque me resulta fácil formular la profecía:
¡ay!, lo seré seguramente ya por poco tiempo.*



Outra razón, sen dúbida máis poderosa para non ter nada que dicir, era simplemente que sobre o médeco, periodista e poeta Fernando García Acuña xa o dixeran todo, ou case todo. Dende o ano 1985 veño tratando de reivindicar no *Anuario Brigantino* esta figura exemplar do último tercio do século XIX, que aquí en Betanzos tanto fixo polos demáis, sufrindo con eles como médeco e dándolles a todos o mellor do seu espírito nas súas campañas nos periódicos da cidade que el axudara a fundar e nas poesías que recolle na súa colección de *Orballeiras*, poemas románticos moitos deles nos que o amor, a amizade, a dor e a desesperanza están case sempre presentes, e onde ás veces hai preguntas sen resposta para a anguria existencial do poeta:

*Palabras de presentación da edición facsímil do volume poético *Orballeiras* de Fernando García Acuña (1861-1895), con motivo do centenario do seu pasamento, na velada literaria do día 26 de outubro de 1995 organizada pola Asociación cultural *Eira Vella* de Betanzos.

*¿Para qué venir al mundo
si al fin de tanta jornada
ha de quedarse apagada
en nuestros ojos la luz?*

Esa é a cuestión principal dun home que soñaba e sofía cos demais, un home con todo animoso e constante e ó que os poucos anos da súa vida, apenas os mesmos que viviu Xesús Cristo, non lle permitiron voar máis alto, superar o planto íntimo, o desnudo tormento das súas néboas e da súa paixón humana nesta terra mariñana que foi a súa de adopción.


Nestes derradeiros anos sentínme atraído poderosamente por esta figura inxustamente olvidada, como tamén o foi o seu irmán José García Acuña. E sentínme aínda máis reivindicador da súa memoria cando puiden identificalo en vida co seu retrato no artigo que lle dedicara, patético e amoroso, o irmán que levaba no corazón non só a imaxe do home sofridor, do médeco e do poeta, senón tamén a da casa de Betanzos onde el iba a morrer. ¡Qué ben o retratou tamén Vitorino Novo no seu prólogo á colección de *Orballeiras* que xa todos teredes por fortuna nas vosas máns! Cedédelle un lugar, pedía Novo con xustiza, «al hijo de América que habla nuestra lengua -Fernando García Acuña nacera como sabedes na Cuba colonial- y reza en nuestros altares; al que ha elegido aquí la compañera de su vida y escogió a nuestra tierra bien amada para patria de sus hijos; admitid propicios el esfuerzo que nos ofrece aquel que ha cantado nuestras glorias y ha llorado con ternura sobre las tumbas de los poetas muertos». Aquel -debería engadir eu- que morreu e está soterrado, como sempre desexou, no romántico cemiterio de Betanzos.

Se me deixárades, xa tería que rematar estas verbas de presentación da nova edición de *Orballeiras*, levando a vosa atención ó meu *limiar*; que era, en realidade, e así o creía eu, a única cousa que me pediran os animosos editores da colección. Ese *limiar* que para mín non era necesario despóis do prólogo redactado por Vitorino Novo, só quere salientar a significación dos poemas da colección de *Orballeiras* e a participación activa de Fernando García Acuña nos periódicos que se publicaron en Betanzos no último tercio do século XIX, tales como *El Censor*, *El Escobón*, *Las Riberas del Mendo*, *La Libertad*, *El Valdoncel* ou *El Mendo*, aínda deixando de lado outros periódicos da rexión nos que tamén colaborou Fernando García Acuña.

Orballeiras, xa o dixeran no *Anuario Brigantino* número dez de 1987, foi o verdadeiro «bautizo literario» de Fernando García Acuña. Publicouse no ano 1887, en Betanzos, no prelo de A. Amenedo Ponte, que tiña o seu obradoiro na Praza do Campo, número sete. Se non fixen mal a conta, a colección contén corenta poemas, dos cales vinteun están escritos en galego e dezanove en castelán. Moitos dos poemas xa apareceran publicados nos periódicos betanceiros e algúns aínda serían publicados de novo despóis da aparición da colección en *El Valdoncel*, *Las Riberas del Mendo*, *El Mendo* e noutros periódicos de aqueles anos. Hai que salientar a importante significación da colección de *Orballeiras*. Estamos só a dous anos do pasamento de Rosalía e un poeta betanceiro que sentía fundamente a súa morte, a ela lle adicará un fermoso poema no certame literario da Coruña en setembro de 1885. Pero a mellor homenaxe, mellor sen dúbida que ningunha outra, sería esa publicación das *Orballeiras*, onde se descubre nidiamente o espírito poético de Fernando García Acuña, co seu romanticismo moitas veces morbos, coa súa inquedanza existencial, que era a mesma inquedanza e anguria rosaliana diante do misterio de vida.

Certo que a colección de *Orballeiras* contén poemas de circunstancias e nada líricos. Isto é verdade. *Orballeiras* recolle poemas moi variados na súa temática, e algúns de mínima validez e calidade lírica, mais esto non fai desmerecer aqueles outros que a súa inspiración e o seu dorido sentir de home, cunha grande riqueza formal e imaxinativa, convirten a Fernando García Acuña nun dos poetas máis meritorios do seu tempo. E non é pouco dicir para un poeta que morréu tan noviño, rondando os trinta e catro anos e seguindo os pasos de lírica de Bécquer e da saudosa cantora do Sar.

Mais perdonádemme, porque xa falei sen dúbida dabondo, máis do que realmente quixera e debera. Creo, pois, que se homenaxeamos a Fernando García Acuña no centenario do seu pasamento, mellor será escoitalo a el nos seus poemas, como se unha voz de ultratumba revivira agora en nós, no máis fondo de nós, a delicada lírica do seu espírito inmorrente, ese espírito que latexa nos seus versos, como arelaba don Miguel de Unamuno.



Recitaréi a continuación os seguintes poemas da colección de *Orballeiras*:

Adicatoria, *A miña nai*, con versos que xa o din todo.

Rimas, II, III, V, VI, XI, onde se mixturan o amor e a dor.

A Rosalía Castro, poema premiado no certame literario da Coruña de setembro de 1885.

Remémber, onde, seguindo a Bécquer, chega case a apoteose da perfección.

Rosa de Sayoso, I, II, como el di, unha «hestorieta»

A Virxe de Leiro, na mesma liña que a anterior.

¡Unha aberta!, da que son estes versos finais:

¡Amérecá doum'a lus

pr'os ollos d'a miña cara,

e Galicia, esta Galicia

dóuma pr'os ollos d'a y-alma!

Moitas gracias.

El manantial de Espenuca

CARLOS PENELAS*

Musitando apenas, sobre la hierba de los espejismos y de la magia, percibí que la llovizna aventaba los últimos días del otoño. Todo vuelve. Construyó sobre la lumbre del mar y la campiña el reino de mis padres. Aquí habitan las almas suspendidas, el rostro sereno de pastores antiguos. Pronuncian oraciones solitarios, interrogan las raíces, los mensajes del cielo.

Soy el príncipe de Espenuca, el poeta que nació en el destierro, protegido por la inocencia de la lágrima, por el regazo tibio de la madre. He recorrido el camino de leyendas, de lejanas migraciones. He descifrado el sueño generoso que los dioses celtas me otorgaron. En moradas y piedras fui penetrando con la noche. Transparencia que nutre afecto y memoria. Transité ese sendero, toqué la casa de los lares, lloré en el bosque de rodillas frente a una iglesia abandonada. Y vi el camposanto sin los muertos del exilio. Sin la ceniza que la divinidad puso en la vegetación o en las barcas de la alegría y el dolor. Así sellamos el silencio, la resignación, el alma que nos devuelve la total evidencia.

Con la congoja de una señal profética mi hermana regresó. Una mujer le preguntó: "¿Qué buscas?" "Soy de la misma sangre de un niño que se extravió, que vio la sombra de su padre en el mirador. Busco la casa de aquellos labradores". "Ven, respondió la anciana. Desde que llegó aquel poeta todo ha cambiado. Vienen gentes de otras tierras a preguntar sobre la nostalgia y el amor. Debes beber de ese agua, de ese manantial. Allí bebió tu hermano y refrescó su frente. Desde ese día todos lo hacen".

La evocación es una divinidad que calla y florece.

Buenos Aires, otoño de 1996

*Carlos Penelas ha escrito 28 libros de poemas, algunos de los cuales figuran en antologías. Aunque argentino de nacimiento y residencia, sus padres proceden de Espenuca, muy cerca de Betanzos, adonde llegó no hace mucho en busca de sus raíces.